

RESOLUCIÓN DE REASIGNACIÓN DUNHA PRAZA DE TITULAR DE UNIVERSIDADE CORRESPONDENTE Á OEP 2023

Á vista da resolución do concurso 23/028 de Titular de Universidade, na que se resolve a favor de don Iván Vizcaíno Ramos, profesor Axudante Doutor da área de Dereito do Traballo e da Seguridade Social,

- que non tiña asignada a dita praza na prelación definitiva da Convocatoria para o establecemento dunha listaxe de prelación para a execución da oferta de emprego público do ano 2023 en relación á convocatoria de prazas de Catedrático/a de Universidade, Profesor/a Titular de Universidade e de Profesor/a Contratado/a Doutor/a, Resolución do 23/03/2023, encontrándose en terceiro lugar na listaxe de agarda de prazas de acceso ao corpo de Titulares de Universidade,
- que non existe incremento de plantilla na citada área pola resolución dese concurso,
- que a disposición adicional terceira do Regulamento polo que se establecen os criterios para a execución das Ofertas de Emprego Público (OEP) de Persoal Docente e Investigador da Universidade da Coruña, impide asignar durante 5 anos unha nova praza ao mesmo solicitante en caso de non obter a praza destinada á súa promoción, de acordo coa normativa que regula a orde de prelación para asignar prazas de Oferta de Emprego Público na UDC, aprobada polo Consello de Goberno o 27/04/2017 e modificada por acordos do 28/02/2018 e do 27/02/2019.
- e que a dita disposición ten como único propósito non favorecer o incremento da plantilla dunha área a través da execución das ofertas de emprego público, cando o dito incremento debe planificarse exclusivamente mediante procedementos vinculados ás necesidades docentes, de excelencia na investigación, ou á reposición xeracional;

RESOLVO:

- Reasignar a praza de Titular de Universidade destinada a permitir a promoción de dona María Asunción López Arranz a don Iván Vizcaíno Ramos, profesor proposto pola Comisión de Selección na resolución do concurso 23/028
- e liberar a dona María Asunción López Arranz, adxudicataria inicial da dita praza, da penalización de 5 anos prevista na disposición indicada.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor recurso ante a Xurisdición Contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación na Sede Electrónica da Universidade da Coruña, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso administrativa. Potestativamente, poderase interpor recurso de reposición ante o Consello de Goberno, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da antedita publicación, de acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE de 2 de outubro de 2015).

A Coruña,

Código Seguro De Verificación	5SKb+TTmJH9kggVy0LbjBQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente - Alberto Valderruten Vidal	Asinado	01/12/2023 14:59:56
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/5SKb+TTmJH9kggVy0LbjBQ==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

